



Mester de poeta
[1969-1999]

869.108

Lop

Col·lecció Fundació Joan Miró

81

Museu de Ciències
(1969-1979)

UNIVERSITAT DE LES ILLES BALEARS



5106353733

Col·lecció Poesia de Paper
81

**Mester de poeta
(1969-1999)**

Arcadio López-Casanova

Palma, 1999

© del text: l'autor, 1999

© de l'edició: Caixa de Balears «Sa Nostra» i Universitat de les Illes Balears, 1999


Directors de la col·lecció: Francisco J. Díaz de Castro, Perfecto Cuadrado i Albert Ribas

Disseny: Jaume Falconer

Edició: Universitat de les Illes Balears. Servei de Publicacions i Intercanvi Científic. Campus universitari. Cra. de Valldemossa, km 7.5. 07071 Palma

Impressió: Taller Gràfic Ramon. Carrer de Jaume Balmes, 39 i 43. 07004 Palma

DL: PM/ 2168-1998



Natural de Lugo, es catedrático (excedente) de Literatura española de E.M., y, en la actualidad, Profesor Titular en la Universitat de València.

Lo fundamental de su obra poética está recogido en *Memoria dunha edade* (1976), *Mesteres* (1976), *Liturxia do corpo* (1983), *Noite do degaro* (1994) (poesía gallega) y, *La oscura potestad* (1979), *Razon de iniquidad* (1991) y *Asedio de sombra* (1997) (poesía en castellano). Entre otros, ha obtenido el Premio Adonais (1978), el Internacional “Ciudad de Melilla” (1990), el “Tiflos” (1996), y el de la Crítica-Galicia a la creación literaria.

En el ámbito de su especialidad, ha publicado diversas propuestas de análisis de la obra literaria —*Poesía y novela* (1982), *El texto poético* (1992)—, estudios sobre aspectos del lenguaje literario —*Estructuras correlativas y función estilística* (1989), *Lenguaje de la poesía y figuras gramaticales* (1991)—, panoramas de géneros y períodos epocales —*La poesía romántica* (1991)—, o acercamientos a la obra de determinados autores —*Luis Pimentel e “Sombra do aire na herba”* (1991), *Miguel Hernández, pasión y elegía* (1993)—. Asimismo, es autor de trabajos sobre Rosalía de Castro, Antonio Machado, Carlos Bousoño, E. Blanco-Amor, Alvaro Cunqueiro, etc.

¹ VOZ DE XERACIÓN

Nunca tivemos nada, nunca
tivemos nada, nada, nada;
soio que vivos era o canto
noso na Terra. Quén cantaba.
(Altos de albor soñamos vida
baixo da casa derrubada,
teitos queimados, mesa probe
do pan, lareiras desfornadas).
Ollos que ollaron os solpores,
fillos vencidos polas airas,
soias soleiras dende a Noite,
nunca tivemos, nunca, nada.
Qué corazón de canto agora,
qué voz de todos, qué palabra
nosa diremos... (Desde o exilio
rocha da Morte contra as vagas
da morte sempre). Non tivemos
nin luz nin vida. Nada. Nada
foi noso, Terra. Con qué canto
cantar entón... Casa queimada,
rotas as portas, cruz dos mortos
crucificados polas campas,
adro dos himnos, hortos, ermos,
montes de sombra, soia herdanza
de soños pra quen vive. (Quén

poeta agora sen palabra,
sen voz de todos e sen vida,
sen canto novo que nos salva).

Nada tivemos nunca, nunca;
nunca tivemos nada, nada.

Orfos de terra nunha Terra,
teito queimado a nosa Casa,
fillos no leito do sudario,
homes de exilio, (quén cantara
canción de vivos cando soios
estamos, soios). Nunca nada
tivemos, nunca. Ollos que ollaron
solpores vellos, anos, ramas
de luz, de vida, altas soleiras
do Pazo, Terra, Templo, azas
do corazón, do corazón,
do corazón... (Quén o cantara
ora na Noite). Non tivemos
nin a palabra.

Nada, nada
tivemos, non.

Fillos do exilio,
himno dos mortos, cruz das campas,
montes de sombra, hortos, ermos,
adros de pedra, —(Quén cantara
ora na Noite!)—, portas rotas,
altar do cáliz, teito e Casa
queimados sempre.

Non tivemos
—de ninguén fillos— nin palabra.

(De *Memoria dunna edade*, 1976)

2 MESTER DO EXILIO

Hospicio prega
quen tanto tempo despois ó canto volve.

Duro oficio outra vez, nunca e sempre,
contra as columnas da carne,
rachar os candados de ferro, as chaves de mofo, as pedras do
pórtico
e a verba,

poñer as maus de cinza sobre dos mortos i os vivos,
e eisí entrar, bautismo noso, xionllos de mármore, auga
de loito polo corpo, nos ollos da vixilia,
polos pes lavados no regueiro da servidume,
fronte dos séculos de contra os capiteles da xenuflexión,

—*quén poeta,*
malditos, malditos, cando é certa a ollada no que se consagra,
e noite a noite acende a súa lámpada de medos pra vivir,
pra morrer,
portas pechadas na alcoba dos difuntos sen gloria,
cruceiro e sariego nos camiños dos que andan coma esmoleiros,
feirantes da morte, trata de cárcere, látigo
do sangue,
irmáus,

—quén poeta,
ora que volve ó canto, ó adro de tantas lamentaciós,
ó coro do Templo,
e abre o libro, o códice das acusaciós, a letanía dos impíos,
miserere nobis,
malditos,
ora na hora do salteiro, do órgano nas bóvedas da Terra,
—cándo será
que señamos,
e ninguén ergue a cabeza crucificada do seu reclinatorio,
ninguén as unllas do berro,
ninguén as maus,
ninguén debruzado diante do seu altar saca o cilicio pró corpo,
poeta, poeta,
miseria nunca e sempre ísta do cáliz i a verba,
volver
tanto tempo despois, tantos anos despois, tantos séculos
despois,
todo como quen dende o xabre do exilio reconoce,
e no leito chora, e cuspe no leito, i esquence
pazo e convida,
e con muller e fillos deixa atráis a Casa,
pon as duras tabasas nas portas e nas fiestras,
garda o pan i o viño na artesa dos ofrecimentos,
entrega horto, cortello, gando, gándaras frente ó mar, praias de
pacencia pró corazón,
campás e campas, altas searas do mencer, caivancas do solpor,

e letra de bronce e alianza dá no seu testamento de vivo,
—*jai, atráis, estatua de sal!*—

e volve, e camiña, e durme, e prega,
i en cada cruceiro do mundo oficia aquil viacrucis da Terra,

—*quén poeta,*
ir e vir, ir
e vir, ir e vir dos calados, Santa Compañía dos noxos,
escura procesión das cacharelas, fachos de medo no rosto,

unha noite i outra
noite, i outra noite, pedra dos martirios no lombo,
méndigos, troveiros, cruzados,
príncipes de raso, infanzós,
nenos alugados, vellos, cantareiras
do demo,
xunta de bois e carros que nunca cruzan a Ponte dos
remordimentos,
ir e vir,
vir e ir,

—*quén poeta,*
hospicio do canto,
pra sempre chorar, chorar,
calar, calar,
e non berrar, e non
berrar, e non berrar,

teito de palla, e lar sen lume, e coitelos sen pan,
e airas prá malla dos vivos,
e fornos dos restroballos,
cuncas da sede próximos labios de cinza,
liño de sudario sobre dos corpos na estancia dos vencidos...!

Duro oficio cando a ollada arde no que consuma,
cega no que ve,
e a mau é caxada de camiño i orfandade,

—*quén poeta sempre,*
quén poeta nunca,
nunca e sempre,

cando o canto é chamar, é petar, é sangar, é velar,
é tremer, devecer, esgarecer,
é sair, é cuspir,
e non vivir,

adro dos mercaderes i os insultos,

¿ISTO É VOLTA...?

(1970-1971)

3 LITURXIA DO CORPO. Himno

Mírote cos ollos que foron meus
—os da mocedá—,
ora que xa vou vello de exilio, e a neno medro, e home séntome
á porta da Casa;
con lucidez e resignación,
con vida e morte,
con amor,
i eres ti, i eres ti, i eres
ti,
reconocida e salvada, á miña veira sempre,
soia,
soia diante do mar, áncora de ferro,
deitada pra vivir, albor de cuncha e oucas,
—oh, desamparada!—,
i eres ti,
voz que aínda chama polo neno meu aló, aló no
suarego de pedra, no esteiro da consolación,
i eres ti,
corpo que aínda chama polo home que contigo
chegou a ista terra, e ista Casa de laranxos, ó leito unxido de
acios,
i eres ti,
mau que aínda guía a quen xa triste de horas e
vellez, de exilio e vida, de cunca e auga,

agora, agora,
xunta ó mar de cinza e xabre contigo está,
contigo
está,

contigo —oh, desamparada!— olla o solpor, a
luz dos laranxos caídos, as ondas, sempre as ondas,
e volve, volve prá Casa derrubada,
axiónllase no forno queimado,
déitase no leito cando a noite non é más que Noite, mármore de
gaivotas contra a fiestra da desolación,
i entón reconoce,
i entón

reconoce todo o que foi canto, salmo, zanfoña de exilo,
Terra maldita da que con cadeas de procesión, e voces de ferro,
e coitelos, e gadañas de lume desterráronme hai xa toda unha
vida,

horas e horas,
anos de xenuflexión, de perdón, de corazón, de prego,
de camiños, e camiños, e camiños,
de ollar, coma agora, no solpor do viño, diante do mar,
as maus súas da vellez cruzadas sobre do peito,
malditos,

malditos...

Mírote cos ollos que foron meus,
compañeira miña,
—oh, desamparada!—,
ora que paso a paso me levas, ora que paso a paso me guías,

e queda o mar atráis,
i é a Noite,

i acenden as estrelas o teu corpo de xuventú,
e vas comigo,

i o mar dende atráis vaza e limpa os teus pes,
devala o mar dende atráis antre as maus de nácare, miña louvada,

e chegamos,
e chegamos algún día,
i abres a porta da Casa, pos o mantel das viandas, a cunca, a
lámpada da maxestá,
i eisí soios,
i eisí soios
a mirada regrésame do vivir.

I estou vivo.

(1975/...1982)

4 HERDO DO CANTO

Ó cabos sabes xa a servidume do canto:
iste herdo de Morte.

Como pazo de horas quixeches abrir os escuros recullos
do corazón,
verdá e memoria,
vareados acios de vida nas ramallas altas do debecer,
tempo teu,

foula de días coma un marmañar nas eiras do
frío,
dura friaxe das ánseas nos púcaros da xeadá,
todo,

todo o que é certo nos ollos do deloirar névedas de
olvido,
e nas maus certo é coma un pouso de xógaras de señardá,

Tempo,
Tempo teu que co día delura no serán morno,
fiaños do solpor que cavan, alá, rellas de terra e sombra,
e co serán á Noite vai,
e vai de vagariño,

i á delonga cai aquil amor do desvelo nos froitos
de luz,
lanza de luzada cando o arraiar dos degaros Soño era na torre
forte da mocedá,

poisque vivías,
e poisque debecías...

Mais agora que como pazo de horas quixeches abrir o
corazón,
a miserenta verdá, a memoria dos anos,
o que non é
(e sigue, sigue sendo),
velahí o herdo do canto i a súa servidume:
xa sen paixón podes calar toda palabra.

Ó cabo ben sabes que somentes queda iste doecer de
horas,
o atercido atervar,
cega que cega da Noite,
nada,
 nada,
poisque si vivías tempo é de sombra tebrecida no corazón,
poisque si debecías día é das ánseas como mañizas de laz,

nada,
 nada,
morno serán que delura cos seus fiaños do frío,
e frío do esgarecer entre as flairas da neve,
e flairas do cernar coma argaxos de soños vougos que nunca foron,

nada
e nada,

xa soio que estás, soio que están sen lecer,
xa soio que calas,
certa nos ollos toda orfandá,
luz toda da acordanza, miseria túa,
corpo abenzoado de morte,
seña eisí o canto que quixeches abrir como pazo de horas,
palabra de silencio
na liturxa do corpo.

5
(FILLO DA ORFANDADE)

Fillo de nada na orfandá

non soupo nunca o que era ter;
a Noite foi o seu saber
o día que quixo perguntar.

No espello seu do seu mirar
non viu o rosto de ninguén;
nunca soñaron outro ver
ollos de tanta escuridá.

Hóspede soio do vivir,
nebra de horas padeceu
e luz das ánseas enterrou.

Cando a Voz dixo de partir,
pechou os ollos e agardou.
E n-Ela —libre— adormeceu.

6 SOMBRA DE ETERNIDÁ

Tes medo diste ollar sempre o valeiro
da morta craridá;
soia Noite —cons, cómaros, queirogas...—
na nebra de embazar.

Pór do sol que esmorece luz do día,
e o Día non está;
(soñas inda cos bídalos de ouro,
i é todo escuridá).

Non sabías que a herданza era ista cega
sombra de eternidá;
(quen torre de luír pon contra a vida,
da Vida non será).

Amaches tanto, amaches tanto, amaches
tanto de señardá,
que nada —luz, estíos, froitos, corpos—
tiveches de gozar.

Dixécheste a ti mesmo: —“Eu son a Vida”,
(¡ai, voz de mocedá!);
non creías que as horas, as túas horas,
—onte, cedo, mañá...—,

nos bídilos de ouro foran frouma
de días, noites, vrans,
outonos do doecer, xistra de cinza
co inverno de abalar.

Leido cantaches: —“*Non hai Morte...*” (Era
pra ti toda a verdá).
Ollos de luz, a Luz ollabas túa
nos soños do soñar.

—“*Non hai Morte, non hai...*” E ora tés medo
da morte craridá;
escura Noite, escuros pasos lonxe,

POISQUE ELA ESTÁ A CHEGAR.

(De *Liturxia do corpo*, 1983)

7

[LABARADA ARDIDA]

EN CINZA QUENTE LABARADA ARDIDA,
azas de luz en Luz, niño mirrado.
¿Isto é morrer? Caer... ¿Morrer...? Abalo
de ouro, púrpura, azul, ave do Día.

Incenso en lapas —¡ai, arder de vida!—,
circo de lume, anelo encarcerado.
¿Unha arela? Vivir, vivir no alto
da Luz, vivir, vivir...

¿Tal devecía...?

Ave do Día, ¡ai, arder!, anelo
de cárcere o seu niño —¿onde abeiro,
onde abeiro...?

De luz, de luz en azas,

ouro, púrpura, azul, ave da Noite
a renacer da Sombra, ¿abeiro onde...?
¡Cinza, vivir; morrer, paixón de lapas!

8
[CHORIMA DE LUZ]

1

Chorima de luz ardida,
miña alma,
alén do Sono fuxida,
jansia!

Laberca de luz mollada,
alma miña,
alén do Sono soñada,
vida!

Gaivota de luz ferida,
miña alma,
alén do Sono perdida,
jansia!

Loia de luz verdegada,
alma miña,
alén do Sono levada,
vida!

Alén do Sono fuxida,
jansia!,
amor do Amor que quería.

Alén do Sono soñada,
jvida!,
amor do Amor que anceiaba.

Alén do Sono perdida,
jansia!,
amor do Amor que doía.

Alén do Sono levada,
jvida!,
amor do Amor degoraba.

3

*¡Chorima de luz ardida,
miña!*

*¡Laberca de luz mollada,
amada!*

*¡Gaivota de luz ferida,
ida!*

*¡Loia de luz verdegada,
ai, alma,
alén do Alén, namorada!
¡Vida,
ansia
de luz na Luz, labarada!
¡Ai, alma,
alén do Sono soñada!*

9 NOCTURNO DE CIUDAD

Se asoma el joven, con ojos de vigilia,
a la honda noche, allá
en la alta ciudad de rotonda de piedra,
y cómo le duele su corazón lacerado.

Pierde su mirada, como en sueños,
por el negro laberinto de las calles;
oye el delgado tañido de la lluvia
sobre el silencio labrado de granito;
le sube, en la oscuridad,
el húmedo perfume de la campiña, el helor
cercado de los huertos,
el eco
de la sombra en los soportales vacíos;
escucha, con temblor, el aterido alarido por la boscosa fronda,
la queja caudal del río
ancho de orillas bajo los puentes atónitos,
y en nada se reconoce.

(¿Era éste, en verdad, su mundo...?

Luz de los días primeros, solar
plaza empedrada de la infancia,
frescor de soportales olorosos a pan
candeal y racimos,

el parque ardido de magnolios
y voz acariciadora de madre,
las esquinas furtivas
en el sobresalto de aquel primer amor,
los lentos paseos
entre los arcos rameados de sombra,
los balcones en el aire limpio
del domingo...

(¿Era,
en verdad, ése su mundo?)

Cuenta el peso de las horas,
cae
el tiempo en el pozo de la noche
como bronce de campanas,
días
que sabe de bondad (¡oh, niña
floral, dorada risa de agua!),
años
de destierro cruel, de insulto
cruel hacia su canto
—palabra pura que era hogaza
de luz en su desvalimiento—
(¡oh, tierra que le acogía, bancales
del mar, fuego
de palomas, alto altar de azahares!),
días,
años,

vida entera,
rezada letanía de desvelos,
aleteo fugaz
de todo su antiguo querer,
de todo su más hondo anhelar,


tiempo

suyo que se le desvanece
sin lucha, con derrota...
(¡Y cómo le duele su corazón lacerado!).

Cuando se levanta la mañana,
fría
tal espada de hielo,
sobre la plaza encendida —luz gris
de este amanecer—,
del balcón de la sombra se retira
un hombre ya cautivo.

(De *Asedio de sombra*, 1997)

L'autor ha llegit aquests poemes al Centre de Cultura «Sa Nostra»
el dia 11 de gener de 1999



44. ÁNGEL GONZÁLEZ. *Poemas*
45. JOAQUÍN BENITO DE LUCAS. *Poemas*
46. DAMIÀ HUGUET. *Les flors de la claror*
47. ENRIC SÒRIA. *Poemes*
48. JOSÉ LUIS GARCÍA MARTÍN. *Cuaderno de Valldemossa*
49. JORDI VIRALLONGA. *Con orden y concierto*
50. DIEGO SABIOTE. *Las nubes eran blancas*
51. JOSÉ ANTONIO MESA TORÉ. *Poemas de la bahía*
52. JOSÉ CARLOS ROSALES. *Club náutico*
53. FRANCISCO BRINES. *Selección de poemas*
54. JEAN SERRA. *Poemes*
55. VICENTE GALLEGÓ. *Poemas*
56. ÁNGELES MORA. *Canto de sirenas*
57. XAVIER RODRÍGUEZ BAIXERAS. *Poemas*
58. CARLOS MARZAL. *Poemas*
59. MARIA VICTORIA ATENCIA. *Poemas*
60. RAFAEL JUÁREZ. *Lo que vale una vida*
61. ANA ROSSETTI. *Poemas*
62. ANTONI VIDAL FERRANDO. *Poemes*
63. JAIME SILES. *Poemas*
64. ELOY SÁNCHEZ ROSILLO. *Poemas*
65. MEMÒRIA DE MARIA ANTÒNIA SALVÀ
66. JAUME ROSELLÓ MIR. *Llum vol dir ombra*
67. JENARO TALENS. *Paraiso clausurado*
68. JAUME PONT. *La flor de llot*
69. DIEGO JESÚS JIMÉNEZ. *Poemas*
70. XAVIER ABRAHAM. *De matinada, baix el persistent reflex...*
71. ANTÒNIA ARBONA. *Cadència*
72. JULIO MARTÍNEZ MESANZA. *Fragments de Europa. 1977-1997*
73. TEOBALDO A. NORIEGA. *Ars Amandi*
74. BERNAT NADAL. *El fràgil desig*
75. ENRIQUE BADOSA. *XXIV Sonetos*
76. RAFAEL DE CÓZAR. *Poemas*
77. DIEGO DONCEL. *Poemas*
78. JESÚS MUNÁRRIZ. *Oficios varios*
79. NARCÍS COMADIRA. *Poemes*
80. SEBASTIÀ VIDAL. *Poemes*



Universitat de les
Illes Balears

**"SA
NOS
TRA"**
Obra Social
i Cultural